CONCELLO DE PONTEVEDRA

TRG

Número de expediente:2018/PROCESOSELECTIVO/000001

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO DISPOÑENDO A APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA (LISTA B) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS, ENCADRADA DENTRO DO GRUPO A, SUBGRUPO A1, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

Examinado o expediente tramitado para a creación dunha lista de reserva (lista B) para a provisión interina de prazas de técnico superior de xestión de residuos municipais, resultan relevantes os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.-Na sesión que tivo lugar o día 7 de xuño de 2004, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás Bases xerais para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello.

2.-A Xunta de Goberno Local na sesión do día 2 de maio de 2006, adoptou un novo acordo no que, no seu punto primeiro, se procede á derogación do artigo 6 das Bases xerais reguladoras para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello, aprobadas mediante acordo do 7 de xuño de 2004, que regula os requisitos para a inclusión na lista única de reserva priorizada cando no se tivesen convocado oposicións.

3.- No Boletín Oficial da Provincia do 12/04/2018 (BOP núm. 71) anunciouse a convocatoria pública para a formación, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha lista de reserva (listas B) que permita prover de forma interina prazas dentro do Concello de Pontevedra coa categoría de técnico superior de xestión de residuos municipais, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 26/03/2018.

4.- En relación coas prazas coa categoría de técnico superior de xestión de residuos municipais, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, convocouse aos participantes para a realización dos exames da fase de oposición.

5.- Posteriormente procedeuse a valoración e cualificación dos méritos alegados polos aspirantes que superaron a fase de oposición.

A puntuación provisional obtida polos participantes na fase de concurso, expúxose no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

Finalmente, con data do 30/08/2018 polo tribunal cualificador emítese proposta definitiva de lista de reserva integrada polos opositores que superaron todos os exercicios.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:RD0VU6OBB6JM11PE

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 23 do III Acordo Regulador prevé que o Concello se compromete a por en marcha unhas listas de substitucións para supostos de vacantes transitorias. As normas reguladoras serán incorporadas como anexo ao mesmo.

Segundo.- A lista de espera elaborada segundo o establecido no artigo 12 das Bases reguladoras da convocatoria terá unha duración de 4 anos ou de menos no caso de que houbese un novo proceso selectivo para estas prazas, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

Sen perxuízo de que, con anterioridade, concorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera funcionario interino de conformidade coa lexislación vixente, os funcionarios interinos que ocupen postos de traballo ao amparo destas listas de reserva cesarán automaticamente cando finalice cada proceso selectivo para a provisión en propiedade de prazas correspondentes a súa categoría.

Terceiro.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución do presente expediente, a teor do disposto no Art. 127 de Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Modernización do Goberno Local e no Art. 21 do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, publicado no BOP núm. 248 do 28 de decembro de 2005.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2017, delegouse no Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, a xestión do persoal así coma as decisións de persoal que non lle corresponda a outro órgano e sexan susceptibles de delegación nos termos da lexislación vixente.

En atención ao exposto, esta Concellería goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Primeiro.- Prestar aprobación á lista única de reserva para a provisión interina de prazas de técnico superior en xestión de residuos municipais, grupo A, subgrupo A1, que se ordena segundo a puntuación total obtida polos aspirantes no procedemento selectivo:

POSTO	ASPIRANTES	TOTAL
1	LOBELLE VARELA, MARIÑA	21,455
2	BUA IGLESIAS, RAUL	20,815
3	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, CRISTINA	20,500
4	CUBA DORADO, ROI	19,765
5	SILVA GONDAR, CARLOS	17,765

Segundo.- O funcionamento da Lista de reserva aprobada (lista B) se axustará ás previsións dos artigos 12, 13, 14 e 15 das Bases reguladoras da Convocatoria.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:RD0VU6OBB6JM11PE

Terceiro.- A presente lista B terá unha duración de 4 anos ou de menos no caso de que houbese un novo proceso selectivo para estas prazas, momento a partir do cal deixaría de ter vixencia.

Cuarto.- Con caracter xeral a non aceptación ou renuncia a unha interinidade dará lugar as seguintes medidas: primeira renuncia: seis meses de exclusión; segunda renuncia: exclusión definitiva da lista.

A renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando se deba a algunha das seguintes situacións no momento do chamamento, que deberá acreditarse debidamente nos tres días hábiles seguintes á comunicación da oferta: atoparse en situación de incapacidade temporal con alomenos dous días de antelación ou ter unha relación laboral ou funcionarial vixente.

Quinto.- Dispoñer a publicación da presenta lista no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial para que os interesados poidan interpoñer alegacións no prazo de dez días e, de forma complementaria, publicarase na sede electrónica do Concello de Pontevedra (www.sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, perante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 10/09/2018

Asinado por: VICENTE LEGISIMA GARCIA
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 10/09/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018003868

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:RD0VU6OBB6JM11PE